

ACTA

Expediente núm.:	Órgano Colexiado:
PLE/2018/8	O Pleno

DATOS DE DESENVOLVEMENTO DA SESIÓN	
Tipo Convocatoria	Ordinaria
Data	27 de xullo de 2018
Duración	Desde as 20:07 ata as 22:31 horas
Lugar	SALÓN DE PLENOS
Presidida por	XOSE MANUEL PAZOS VARELA
Secretario	BERTA ALONSO SOTO

ASISTENCIA Á SESIÓN		
DNI	Nome e Apellidos	Asiste
35302226D	ALBA CORDEIRO MAGDALENO	SÍ
78732036T	ALFREDO IGLESIAS SANTOS	SÍ
77010633D	ANDRES GARCIA BASTON	SÍ
36042960M	DOLORES GALLEGO SANTOS	NON
52494246N	FRANCISCO SOLIÑO SOLIÑO	SÍ
73240505H	HÉITOR MERA HERBELLO	SÍ
35300902L	JESUS MANUEL GRAÑA GRAÑA	SÍ
78734984G	JESÚS ANTONIO PEREZ GALLEGO	SÍ
35285485N	JOSE É SOTELO VILLAR	SÍ
36102469J	JOSÉ LUIS GESTIDO PORTO	SÍ
76807564F	LOURDES RIAL PARDO	SÍ
78735128X	MARIA DOLORES HERMELO PIÑEIRO	SÍ
78730184B	MARIANO ABALO COSTA	SÍ

Concello de Cangas

76811297Z	MERCEDES GIRALDEZ SANTOS	SÍ
78734493L	PÍO MILLÁN BLANCO	SÍ
78735144A	RAFAEL SOLIÑO COSTAS	SÍ
53113479Q	TANIA CASTRO PAREDES	SÍ
78739263M	TOMÁS HERMELO ÁLVAREZ	SÍ
76328194A	XOSE MANUEL PAZOS VARELA	SÍ
34907283E	XOÁN CHILLÓN IGLESIAS	SÍ
78736615W	ÁNGELA VIZOSO MARCOS	SÍ

Unha vez verificada polo secretario a válida constitución do órgano, o presidente abre a sesión, polo que se procede á deliberación sobre os asuntos incluídos na orde do día

A) PARTE RESOLUTIVA

Expediente 3810/2018. Moción do equipo de goberno de 19.07.2018 para salvagarda da arte tradicional pesqueira do xeito ante a proposta de regulamento da Comisión Europea que afecta ao sector.

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

Incidencias:

O Sr. Alcalde propón modificar a orde do día tratando como 1º punto o punto 10º da orde do día a pedimento do colectivo afectado. Non hai obxeccións por parte do colectivo afectado.

Non hai obxeccións por parte dos concelleiros presentes.

Dáse conta do dictame favorable emitido pola Comisión Informativa Única realizada o día 23.07.2018.

Así mesmo a Presidencia dá conta da moción do equipo de goberno de 19.07.2018, para salvagarda da arte tradicional pesqueira do xeito, ante a proposta de regulamento da Comisión Europea que afecta ao sector, que é como segue:

“Moción para a salvagarda da arte tradicional pesqueira do xeito, ante a proposta de regulamento da comisión europea que afecta ao sector.

En 2014 a Comisión Europea lanzou unha proposta para prohibir completamente as redes de enmalle de deriva. Esta proposta creou moita preocupación na Galiza porque supoñía a prohibición da arte tradicional do xeito.

A Comisión e o Parlamento zanaxaron a polémica alegando que se lle daría unha solución no

Concello de Cangas

debate do Regulamento de medidas técnicas.

Pois ben, en marzo de 2016 a Comisión fixo a súa proposta de Regulamento sobre a conservación dos recursos pesqueiros a través de medidas técnicas. O Parlamento Europeo fixou a súa posición sobre esta proposta en xaneiro do 2018. A Comisión na súa proposta non recoñece esta especificidade, e coa prohibición de utilizar para os pequenos peláxicos unha dimensión de rede inferior a 50 mm o xeito quedaría prohibido.

A posición do Parlamento tampouco o recoñece ao ser rexeitadas as dúas emendas que facían referencia ao xeito. O Parlamento Europeo, asume como propia a proposta da Comisión para a pesca de pequenos peláxicos.

Na actualidade o Regulamento atopase en fase de negociación (coñecida como trílogo); e so será posible introducir nestas negociacións algunha especificidade para salvagardar a arte do xeito se o Consello o pon enriba da mesa nas negociacións, polo que sometemos a aprobación desta Corporación municipal os seguintes ACORDOS:

1.- Dirixirse ao Ministro de Pesca para que dea os pasos necesarios para que o Consello introduza nas negociacións en curso sobre o Regulamento de Medidas técnicas nas augas sur-occidentais, a rede de deriva única coñecida como xeito, que emprega unha malla de dimensión entre 23 e 40 mm (Anexo VII da proposta).

2.- Dirixirse á Conselleira do Mar para que utilice todos os mecanismos dos que dispón para que o Consello asuma introducir nas negociacións esta proposta sobre o xeito.”

DELIBERACIÓNS:

O Sr. Alcalde dá conta da moción e informa da inclusión dun engadido do grupo municipal BNG

Incidencias:

Cando son as 20:08 suspéndese a sesión para a intervención do colectivo afectado.

Cando son as 20:09 incorpórase ao Salón de Sesións o concelleiro Sr. Abalo Costa.

Cando son as 20:12 reanúdase a sesión.

Sr. Hermelo Álvarez: explica o obxecto da moción, referente á necesidade de que se inclúa a arte do xeito coma un arte de pesca tradicional no regulamento que actualmente é obxecto de negociación na comisión europea.

Sra. Giráldez Santos: dá conta do engadido presentado polo grupo municipal BNG, que literalmente dí:

“A pesca do xeito volve vivir xornadas difíciles como as de hai algúns anos que fixeron que o BNG se mobilizara e co co sector reclamara ante Bruxelas unha mudanza na declaración desta arte como arte de deriva e unha máis que posíbel prohibición. Logo da loita do sector e da batalla dada polo BNG semellaba que tiñan comprendido as autoridades a especial idiosincrasia e sustentabilidade da pesca artesanal.

Semellaba porque hai uns poucos días volvía a reproducirse a prohibición de pescar sardiña e xouba ordenada polo Ministerio de Pesca, supostamente motivada polo consumo da cota prevista polo regulamento de explotación para a totalidade do recurso.

O xeito, arte de pesca artesanal e sostible, con baixa pegada en carbono, practicado desde tempos inmemoriais nas Rías galegas, non ofrece motivos para que se lles inclúa nunha normativa creada para protexer os habitats mariños da pesca destrutiva. Só o descoñecemento, e tamén a irresponsabilidade, pode posibilitar que a pesca artesanal, sempre respectuosa co medio ambiente, sexa sometida a Tacs e cotas. O problema non está na flota artesanal que debería ser protexida.

O Bloque vén de presentar unha batería de iniciativas parlamentarias, nas que subliña tamén o carácter artesanal da flota de 427 embarcacións do xeito e dunha duda de racús, cuxas artes minimizan o impacto ambiental e se caracterizan polo seu carácter de pesca sustentable porque entendemos que por tradición mariñeira, por respecto ao medio ambiente, por ser garante dunha pesca sustentable, a pesca artesanal do xeito debe de ser excluída dunha norma que contén unha prohibición absoluta e indiscriminada.

Debemos criticar a inacción política da Xunta pese a ter competencias exclusivas sobre a pesca nas rías e nas demais augas interiores, tal e como establece o artigo 27.15 do Estatuto de autonomía e, en consecuencia, pode regular sen inxerencias a pesca artesanal como é o caso do xeito. A Xunta xa debería ter solicitado a exclusión ao Goberno central como ten solicitado reiteradamente tanto o BNG como o propio sector.

A súa aplicación nestes momentos, época do maior consumo en fresco e de subministro ás conserveras, aboca ao paro a centos de mariñeiros, ademáis de por fin a un sistema de pesca tradicional que desde fai centos de anos é o principal sustento económico para un número importante de familias galegas.

A situación é especialmente grave na Ría de Vigo porque ao peche da pesquería súmase a cuestión da toxina que deixa a moitos barcos sen alternativa. Por iso o propio sector, tal e como trasladaron nunha xuntanza co grupo parlamentario do BNG o día 20 deste mes de xullo, pediron unha liña de axudas para compensar polo prexuízo do peche e mentres o xeito non poda volver pescar. Son reivindicacións moi xustas que deben chegar aos ouvidos de quen ten que tomar as decisións, porque non hai nada que xustifique este peche

O sector do xeito pide a reapertura inmediata da pesquería da sardiña pechada sen ningún tipo de xustificación porque como dicíamos, se trata dunha arte de pesca artesanal que non ten impacto ambiental, o peche decretado polo Goberno central coincide no peor momento posible da campaña de captura de xouba e sardiña, é o momento clave para o xeito, para a xouba e para a sardiña, pero ademáis desta petición unánime e inmediata o sector reclama unha solución de futuro e permanente, que pasa por excluír á frota do xeito do sistema de cotas, dado o carácter sustentable desta pesca artesanal.

É preciso dunha vez por todas que este sector quede excluído do sistema de cotas porque é insignificante o que pescan os 427 barcos do xeito en comparación co que pesca un só barco de calquera outra arte. Nun só día unha embarcación con outra arte pode pescar o que toda a frota do xeito nun ano.

Esíximos á Xunta que exerza as competencias previstas no Estatuto en materia de augas internas, que as governe a Xunta e que as decisións se tomen desde aquí e desde o consenso.

Concello de Cangas

Avenida de Castelao, 2, Cangas. 36940 (Pontevedra). Tfno. 986300050. Fax: 986304850

Por historia e tradición, estamos na obriga de defender os dereitos recoñecidos dos nosos xeiteiros. Por xustiza e responsabilidade, o Grupo Municipal do BNG de Cangas propon ó Pleno da Corporación Municipal a aprobación dos seguintes acordos como engádega á moción presentada ao respecto da salvagarda da arte tradicional pesqueira do xeito ante a proposta de regulamento da Comisión Europea :

1.-Manifestar o apoio de toda a Corporación ás contrarías afectadas, ao sector do xeito e á pesca artesanal en xeral.

2.- Reclamar do Goberno español a exclusión da arte do xeito da prohibición de poder pescar sardiña.

3.- Esixirlle á Xunta de Galiza que exerza as competencias exclusivas contempladas no artigo 27.15 do Estatuto de Autonomía sobre “a pesca nas rías e demais augas interiores” e polo tanto excluír á pesca artesanal de Tacs e cotas impostas desde a Unión Europea e o Goberno de Madrid.

4.- Demandar da Xunta de Galiza que si se establece a prohibición de pescar sardiña para a flota do xeito, estableza liñas de axudas, para garantir o mantemento de rendas, especialmente para os mariñeiros que non teñen ningunha outra arte alternativa, mais tamén para evitar a sobreexplotación doutros recursos pesqueiros.”

Sr. Gestido Porto: di que non entende o engadido do BNG, pero que non porá obxección se conta coa aprobación da confraría.

Sr. Iglesias Santos: di que o plantexamento da moción é correcto, pero non acaba de ver necesario o engadido que ademais non tivo tempo de estudar. No caso de que se admita o engadido absterase.

Sr. Sotelo Villar: di que a alteración da orde do día lle parece correcta, sempre que se faga con todos os colectivos por igual. Indica que non está de acordo con que se faga a estas alturas un engadido con datos que non puideron analizar. Sinala que está de acordo co contido da moción orixinaria, que responde ao pedimento da Confraría de Cangas. Cre importante que este acordo conte con apoio unánime.

Sra. Giráldez Santos: di que o engadido non se presentou na Comisión Informativa porque ela non asistiu. Cre que o engadido presentado polo BNG é importante que se trate agora por ser o momento en que se está a levar a cabo a negociación no seo da Comisión Europea. Presentar o engadido no vindeiro pleno como moción implicaría que fose extemporánea e agora é o momento de tratalo. Di que non ten problema en que se trate como moción urxente.

Sr. Abalo Costa: cre que a Unión Europea pretende liquidar os sectores pesqueiros artesanais. Cre esencial que se chegue a un consenso para que o acordo conte con apoio unánime.

Sr. Hermelo Alvarez: di que non ten inconveniente en aceptar o engadido, sempre e cando conte con apoio unánime.

Incidencias:

Cando son as 20:27 horas faise un receso para consensuar o texto da moción.

Cando son as 20:29 horas reanúdase a sesión.

O Grupo Municipal BNG acorda retirar a emenda.

VOTACIÓN E ACORDO: o Concello Pleno, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda aprobar integramente a proposta transcrita anteriormente.

Sr. Alcalde: indica que sempre se accede á alteración da orde do día cando os colectivos o solicitan debidamente.

Sr. Sotelo Villar: resposta que por exemplo se lle denegou a un colectivo de San Roque.

Expediente 3745/2018. Aprobación inicial do expediente de modificación de créditos número 1/2018

Favorable

Tipo de votación: Ordinaria

A favor: 11, En contra: 0, Abstencións: 9, Ausentes: 0

Dáse conta do dictame favorable emitido pola Comisión Informativa Única realizada o día 23.07.2018.

Así mesmo a Presidencia dá conta da moción da Proposta da Alcaldía de aprobación inicial do expediente de modificación de créditos número 1/2018, do día 18.07.2018, relativa a aprobación inicial do expediente de modificación de créditos número 1/2018, que é como segue:

“En relación co expediente relativo á aprobación do expediente de modificación de créditos núm. 1/2018 do Orzamento en vigor, na modalidade de crédito extraordinario financiado con cargo a Remanente Líquido de Tesourería, en aplicación do disposto no artigo 32 da Lei Orgánica 2/2012, en uso das competencias que me confire o artigo 21 da Lei 7/1985, e de acordo co que dispón o artigo 177 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, emito a seguinte proposta, con base aos seguintes,

Antecedentes de feito

PRIMEIRO. Considerando que o Concello de Cangas, de acordo cos datos dimanantes da liquidación aprobada do exercicio 2017, obtivo os seguintes datos económico orzamentarios:

<i>SUPERÁVIT 2017</i>	<i>2.946.594,02 €</i>
<i>REMANENTE LÍQUIDO TESORERÍA 2017</i>	<i>2.602.959,20 €</i>

Ante esta situación, e de acordo co disposto no artigo 32 da Lei Orgánica 2/2012, o Concello está na obriga de destinar o superávit a reducir os niveis de endebedamento neto, ata o límite do volume de endebedamento, se este fose inferior ao superávit .

Dado que se dispón de Remanente Líquido de Tesourería para gastos xerais por importe de 2.366.323,40 euros, de acordo coa liquidación do exercicio 2017 aprobada por este Concello, incóase por esta Alcaldía expediente para a concesión de crédito extraordinario financiado

Concello de Cangas

Avenida de Castelao, 2, Cangas. 36940 (Pontevedra). Tfno. 986300050. Fax: 986304850

con cargo ao Remanente de Tesourería

SEGUNDO. Achégase Informe de Intervención núm. 2018-0138.

Visto canto antecede, considérase que o expediente segue a tramitación establecida na Lexislación aplicable, procedendo a súa aprobación inicial polo Pleno, de conformidade co disposto no artigo 177.2 do Real Decreto 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, e no artigo 22.2.e) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.

O Pleno municipal acorda:

PRIMEIRO. Aprobar inicialmente o expediente de modificación de créditos do Orzamento en vigor, na modalidade de crédito extraordinario, co número 1/2018, financiado con cargo ao Remanente líquido de Tesourería do exercicio 2017, como segue a continuación:

Altas en aplicacións de gastos

- 011/912, Débeda Pública, amortización de préstamos de fóra do sector público, por importe de 2.602.959,20 euros

As operacións a que se aplicarán as amortizacións anticipadas serán as seguintes:

OPERACIÓNS DE CRÉDITO	IMPORTE INICIAL	PEND. A 31.03.18	CAPITAL 2º T 2018	INT. 2º T 2018	PEND.A 30.06.18
BANESTO ICO 12/2ª FASE	500.360,45 €	393.140,39 €	17.870,01 €	1.274,20 €	375.270,38 €
BANKIA ICO 2012	1.421.975,30 €	1.066.481,49 €	50.784,83 €	3.495,39 €	1.015.696,66 €
BANKINTER ICO 2012	504.101,73 €	378.076,32 €	18.003,63 €	1.225,38 €	360.072,69 €
BSCH ICO 2012	1.420.203,97 €	1.065.152,98 €	50.721,57 €	3.491,04 €	1.014.431,41 €
BBVA CRÉDITO	389.084,33 €	129.694,79 €	0,00 €	0,00 €	129.694,79 €
	TOTAIS	3.032.545,97 €	137.380,04 €	9.486,01 €	2.895.165,93 €

De acordo co anterior, co importe da modificación canceláanse anticipadamente as operacións sombreadas na táboa, amortizando anticipadamente unha parte da operación situada en primeiro lugar da táboa. Estímase como máis vantaxosa a elección destas operacións, de xeito que o aforro para o Concello será inmediato, ao amortizarse totalmente.

Esta modificación finánciase con cargo a Remanente Líquido de Tesourería para Gastos Xerais, Concepto 870, Subconcepto 870.00 da clasificación de ingresos.

Por tratarse dunha obriga establecida pola Lei 2/2012, queda acreditado o cumprimento dos requisitos que establece o artigo 37.2, apartados a) e b), do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, que desenrola a Lei Reguladora de Facendas Locais en materia de Orzamentos que son:

a) O carácter específico e determinado do gasto a realizar e a imposibilidade de demoralalo a exercicios posteriores.

b) A inexistencia no estado de gastos do Orzamento de crédito destinado a esa finalidade específica, que deberá verificarse no nivel en que estea establecida a vinculación xurídica.

SEGUNDO. Expor este expediente ao público mediante anuncio inserido no Boletín Oficial da

Concello de Cangas

Avenida de Castelao, 2, Cangas. 36940 (Pontevedra). Tfno. 986300050. Fax: 986304850

Provincia, polo prazo de quince días, durante os cales os interesados porán examinalo e presentar reclamacións ante o Pleno. O expediente considerarase definitivamente aprobado se durante o citado prazo non se presentaron reclamacións; en caso contrario, o Pleno disporá dun prazo dun mes para resolvelas.”

DELIBERACIÓNS:

Sr. Abalo Costa: explica o contido da proposta da alcaldía. Hai unha prioridade absoluta de resolver o problema da débeda que está a hipotecar o funcionamento do concello.

Sr. Iglesias Santos: pregunta se o superavit responde a eficiencia da xestión municipal ou ao incremento da carga impositiva dos cidadáns. Pide prudencia co uso dos cartos.

Sr. Alcalde: di que houbo un incremento de ingresos, pero non un incremento de taxas nin impostos.

Sr. Millán Blanco: indica que esta proposta, segundo o informe de intervención, responde a unha obriga legal. Di que o PP se vai abster.

Sr. Abalo Costa: di que a situación do remanente de Teourería co actual goberno pasou de negativo a positivo. Sinala que houbo un incremento de ingresos, pero tamén houbo unha clara rebaixa da débeda.

Sr. Millán Blanco: lembra que o recorrido na evolución do remanente empezou xa fai sete anos.

VOTACIÓN E ACORDO:

Votos a favor: 11 (4 dos/as concelleiros/as presentes da ACE-SON, 4 do BNG, 3 da ASPUN,)

Votos en contra: 9 (7 dos/as concelleiros/as presentes do PP, 1 do PsdeG-PSOE e 1 de "CANGAS DECIDE)

Polo tanto, o Pleno da Corporación, por maioría de votos, acorda aprobar integramente a proposta transcrita anteriormente.

Expediente 3746/2018. Aprobación icicial de expediente de transferencia de créditos.

Favorable

Tipo de votación: Ordinaria

A favor: 11, En contra: 7, Abstencións: 2, Ausentes: 0

Dáse conta do dictame favorable emitido pola Comisión Informativa Única realizada o día 23.07.2018.

Así mesmo a Presidencia dá conta da Proposta da Alcaldía do día 18.07.2018, relativa á aprobación inicial de expediente de transferencia de créditos, que é como segue:

“En relación co expediente relativo á transferencia de créditos entre aplicacións de gastos de

Concello de Cangas

Avenida de Castelao, 2, Cangas. 36940 (Pontevedra). Tfno. 986300050. Fax: 986304850

distinta área de gasto que non afectan a baixas e altas de créditos de persoal, formulo a seguinte proposta:

ANTECEDENTES DE FEITO

PRIMEIRO. Mediante expediente de crédito extraordinario 1-2018, prevese a amortización anticipada de varias operacións de endebedamento vixentes, amortización total das operacións en que resulta posible a cancelación total e parcial nunha operación en que a cancelación total non resulta posible.

SEGUNDO. De acordo co expediente de crédito extraordinario 1-2018, as operacións que se prevé amortizar total ou parcialmente son as seguintes:

OPERACIÓNS DE CRÉDITO	IMPORTE INICIAL	PEND. A 31.03.18	CAPITAL 2ºT 2018	INT. 2º T 2018	PEND.A 30.06.18
BANESTO ICO 12/2ª FASE	500.360,45 €	393.140,39 €	17.870,01 €	1.274,20 €	375.270,38 €
BANKIA ICO 2012	1.421.975,30 €	1.066.481,49 €	50.784,83 €	3.495,39 €	1.015.696,66 €
BANKINTER ICO 2012	504.101,73 €	378.076,32 €	18.003,63 €	1.225,38 €	360.072,69 €
BSCH ICO 2012	1.420.203,97 €	1.065.152,98 €	50.721,57 €	3.491,04 €	1.014.431,41 €
BBVA CRÉDITO	389.084,33 €	129.694,79 €	0,00 €	0,00 €	129.694,79 €
	TOTAIS	3.032.545,97 €	137.380,04 €	9.486,01 €	2.895.165,93 €

TERCEIRO. De producirse esta cancelación obtense no presente exercicio un aforro por mor de anticipar o vencemento das operacións; de xeito que os importes consignados a efectos de afrontar os vencementos das distintas operacións resulta redundante. Así, prevese un remanente de crédito por mor de non ter que afrontar parte dos vencementos do presente exercicio de 368.714,85 euros, de acordo co seguinte detalle:

OPERACIÓNS DE CRÉDITO	IMPORTE INICIAL	PEND. A 31.03.18	CAPITAL 2ºT 2018	INT. 2º T 2018	PEND.A 30.06.18	AFORRO 2018
BANKIA ICO 2012	1.421.975,30 €	1.066.481,49 €	50.784,83 €	3.495,39 €	1.015.696,66 €	101.569,66 €
BANKINTER ICO 2012	504.101,73 €	378.076,32 €	18.003,63 €	1.225,38 €	360.072,69 €	36.007,26 €
BSCH ICO 2012	1.420.203,97 €	1.065.152,98 €	50.721,57 €	3.491,04 €	1.014.431,41 €	101.443,14 €
BBVA CRÉDITO	389.084,33 €	129.694,79 €	0,00 €	0,00 €	129.694,79 €	129.694,79 €
	TOTAIS	2.639.405,58 €	119.510,03 €	8.211,81 €	2.519.895,55 €	368.714,85 €

CUARTO: Ante a existencia de gastos que non poden demorarse até o exercicio seguinte por tratarse de actuacións urxentes en materia de prestación de servizos públicos básicos, para os que o crédito consignado no vixente Orzamento da Corporación é insuficiente e non ampliable, e dado que cabe efectuar transferencias de créditos doutras aplicacións do Orzamento vixente non comprometidas pertencentes a áreas de gasto diferentes.

O Pleno municipal acorda:

PRIMEIRO: Unha vez aprobado e firme e executiva a modificación de crédito consistente en crédito extraordinario número 1-2018, incrementar as seguintes aplicacións no Orzamento municipal para facer fronte aos referidos gastos:

- Aplicación 161/609. Saneamento, abastecemento e distribución de augas. Outros Investimentos novos, por importe de 184.357,43 euros.

Aplicación 450/609. Administración xeral de infraestruturas. Outros investimentos novos, por importe de 184.357,43 euros.

O importe total da modificación ascende a 368.714,85 euros.

Esta modificación finánciase con cargo a unha transferencia de crédito procedente da aplicación 011/913. Débeda Pública. Amortización préstamos fóra do sector público, por un importe total de 368.714,85 euros.

SEGUNDO. Expor este expediente ao público mediante anuncio inserido no taboleiro de edictos do Concello e no Boletín Oficial da Provincia, polo prazo de quince días, durante os cales os interesados poderán examinalo e presentar reclamacións ante o Pleno. O expediente considerárase definitivamente aprobado se durante o citado prazo non se presentaron reclamacións; en caso contrario, o Pleno disporá dun prazo dun mes para resolvelas.”

DELIBERACIÓNS:

Sr. Gestido Porto: di que non entende esta proposta tendo en conta o que se advirte no informe de Intervención. Tal e como dixo cando se debatíu o orzamento, este non ten sentido, tendo en conta que o orzamento leva en vigor apenas un mes.

Sr. Iglesias Santos: sinala que nesta proposta se pretende destinar a maior parte do crédito transferido a saneamento, o cal, tendo en conta a situación confusa de negociación que hai coa concesionaria da auga, lle resulta pouco claro.

Sr. Millán Blanco: considera que a transferencia de crédito que se propón, dado que depende da aprobación definitiva do crédito extraordinario, non debería vir a este pleno. Non está conforme co destino que se pretende dar a esta transferencia, xa que tal e como indica o informe de intervención, require xustificar debidamente a urxencia das actuacións, actuacións que na proposta da alcaldía non se detallan axeitadamente. Di que votarán en contra.

VOTACIÓN E ACORDO:

Votos a favor: 11 (4 dos/as concelleiros/as presentes da ACE-SON, 4 do BNG, 3 da ASPUN)

Votos en contra: 8 dos/as concelleiros/as presentes do PP

Abstencións: 2 (1 do PsdeG-PSOE e 1 de Cangas Decide)

Polo tanto, o Pleno da Corporación, por maioría de votos, acorda aprobar integralmente a proposta transcrita anteriormente.

Expediente 7668/2017. Modificación de normas subsidiarias municipais

Favorable

Tipo de votación: Ordinaria

A favor: 11, En contra: 0, Abstencións: 9, Ausentes: 0

Dáse conta do dictame favorable emitido pola Comisión Informativa Única realizada o día 23.07.2018.

Así mesmo a Presidencia dá conta da Proposta da Alcaldía do día 16.07.2018, relativa modificación de normas subsidiarias municipais, que é como segue:

“Visto que en data 13.12.2017, María Antonia Martínez González propón ao Concello de

Concello de Cangas

Cangas a tramitación dunha modificación puntual das Normas Subsidiarias de Planeamento vixentes nunha parcela sita no lugar de Ximeu, estrada PO 551, Cangas nunha superficie aproximada de 17.634 m2, de conformidade co proxecto elaborado por Monteoliva Arquitectura S.LP de modificación puntual das normas subsidiarias de planeamento de Cangas para a recualificación dun ámbito de solo urbano de data outubro de 2017.

Resultando que nesa solicitude xustifican que a modificación solicitada se fundamenta en razóns de interese público: a mellora da ordenación urbanística e unha mellor articulación do espazos, incorporando novos usos non previsto na ordenación actual, posibilitando a instalación dun uso terciario –comercial

Na propia proposta indican que conta cun acordo coa empresa VEGO SUPERMERCADOS SAU para a instalación dun espazo TERCIARIO-COMERCIAL que dinamizará o emprego e suporá un importante investimento na vila

Visto canto antecede D. Xose Manuel Pazos Varela, Alcalde do Concello de Cangas propón ao Pleno a adopción do seguinte,

ACORDO

PRIMEIRO.- Asumir expresamente o proxecto presentado por Monteoliva Arquitectura S.L.P. de modificación puntual das normas subsidiarias de planeamento de Cangas para a recualificación dun ámbito de solo urbano sito no lugar de Ximeu, estrada PO 551, Cangas nunha superficie aproximada de 17.634 m2, de conformidade co proxecto elaborado por Monteoliva Arquitectura S.LP de data outubro de 2017., como propio e promover a súa tramitación perante as Administracións competentes, considerando o Concello como oportuna a modificación das normas subsidiarias de planeamento proposta, iso por reinar naquela un interese xeral.

SEGUNDO. Acordar a formulación da modificación puntual das normas subsidiarias do Concello de Cangas dos terreos sitos no lugar de Ximeu, a carón da estrada autonómica PO 551, de conformidade co proxecto elaborado por Monteoliva Arquitectura S.LP de data outubro de 2017 e Comunicar ao Órgano Ambiental o Acordo de Formulación da modificación puntual das normas subsidiarias de planeamento vixentes, xunto coa solicitude de inicio da avaliación estratéxica simplificada, a fin de determinar a necesidade ou non do seu sometemento ao proceso de avaliación ambiental ordinaria.”

DELIBERACIÓNS:

Sr. Iglesias Santos: cre que este plantexamento debe abordarse desde un punto de vista legal. A tramitación deste expediente debería abrir unha porta lexítima para calquera interesado que queira acceder a unha situación semellante. Pregunta se as Normas Subsidiarias de Cangas están tan abertas que calquera poida iniciar un proceso como o que se esta a tramitar agora, a iniciativa de Vego Supermercados. Cre que hai situacións similares que están paradas noutras unidades de actuación. Se este expediente vai implicar unha apertura de portas para todo este tipo de situacións similares, lle gustaría sabelo.

Sr. Gestido Porto: descoñece os outros motivos que xustifican traer este punto ao pleno. Cre que é reflexo da incompetencia da concellería de urbanismo que en tres anos de goberno non avanzou na tramitación do novo PXOM. Non entende a que ven este punto no pleno. Igual que o Sr. Iglesias Santos, pregunta se isto vai supeñar abrir a porta a outras actuacións similares.

Sr. Alcalde: explica que a modificación das NNSS é froito dun proceso legal que responde á solicitude dun interesado e que unha vez informada debidamente debe ser sometido a Pleno. Di que este tipo de expedientes dependen do que se solicite e non de quen o solicite.

Sr. Soliño Costas: di que lle sorprende que o goberno apoie este expediente cando fai poucos anos estaban en contra porque consideraban que prexudicaba ao pequeno comercio. Pregunta se alguén falou cos veciños sobre a inclusión destes terreos nun proxecto de modificación puntual. Alguén informou aos veciños afectados dos pros e contras deste modificación puntual? Por qué se incluíron casas e vivendas nos terreos afectados? Por qué non se inclúe esta proposta no avance do PXOM, xa que a tramitación é a mesma? Será que non confían en traer pronto a pleno o avance do PXOM? Onde está o interese público neste expediente que beneficia a unha soa empresa? Por qué non se trae unha modificación puntual para supostos máis relevantes coma o da rúa Noria?

Sr. Alcalde: resposta que este expediente se trae a pleno porque o presentaron os promotores e cumpre os requisitos legais, non é o concello o promotor. Se hai outras solicitudes que requiran dunha modificación puntual e cumpren os requisitos legais tamén se traerán a Pleno. O interese principal deste expediente é eliminar o punto negro que actualmente supón a avenida de Vigo.

Sr. Hermelo Álvarez: di que o apoio a esta proposta é porque responde ao traslado dunha superficie comercial xa existente.

Sra. Giráldez Santos: explica que o BNG non é partidario das modificacións puntuais, pero apoiarán esta proposta para solucionar os graves problemas derivados da ubicación actual da superficie comercial no centro da vila.

Sr. Abalo Costa: asegura que esta proposta non responde a un posicionamento de urbanismo se non a necesidade de resolver un problema de seguridade pública existente na avenida de Vigo. Indica que haberá un período de exposición pública en que os veciños afectados poderán alegar e en caso de que as súas alegacións resulten adecuadas se lles estimarán. Indica que se por calquera motivo houbera que revisar esta proposta, farase.

Sr. Gestido Porto: non entende que o Sr. Abalo Costa manifeste dúbidas respecto a posibilidade de que haxa veciños prexudicados, é algo que xa debería coñecer. Xustificar o expediente en razóns de seguridade non é adecuado cando hai outras situacións urbanísticas que revisten máis gravidade que non se traen a pleno.

Sr. Iglesias Santos: di que non está en contra da modificación, solo preguntou se haberá unha predisposición para atender á problemática existente noutras unidades de actuación. A modificación puntual das NNSS ten un procedemento legalmente regulado, pero pregunta se o posicionamento político vai ser favorable a outro tipo de iniciativas que tamén requiran dunha modificación puntual.

Sr. Alcalde: di que a tramitación das modificacións puntuais depende de que se propón e de se responde ao interese xeral, nos termos que permita a lei. O goberno si ten a intención de estudar todas as propostas que se fagan, pero todo dependerá do que se propón, para qué e onde.

Sr. Soliño Costas: cre que a xustificación dos problemas de tráfico na avenida de Vigo é unha excusa, xa que se trata de trasladar ese problema dunha zona a outra. Lembra casos como a modificación puntual da Portela en que o grupo do Sr. Alcalde se opoñía a este expediente

porque prexudicaba o pequeno comercio. Entende que os veciños afectados pola modificación puntual non foron avisados desde o concello. Non considera xustificado o interese público neste expediente e tampouco considera xustificado incluír casas e edificios dentro da área de modificación.

Debido aos motivos expostos considera que non se cumpre a legalidade.

Sr. Alcalde: di que o problema de tráfico si se soluciona, porque o proxecto contempla aparcamento.

VOTACIÓN E ACORDO:

Votos a favor: 11 (4 dos/as concelleiros/as presentes da ACE-SON, 4 do BNG, 3 da ASPUN)

Abstencións: 9 (7 dos/as concelleiros/as presentes do PP do PsdeG-PSOE e 1 de Cangas Decide)

Polo tanto, o Pleno da Corporación, por maioría de votos, acorda aprobar integramente a proposta transcrita anteriormente.

Expediente 3736/2018. Moción do grupo PP de 13.07.2018 para solicitar a adopción de medidas de mellora na seguridade viaria da PO-351.

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

Dáse conta do dictame favorable emitido pola Comisión Informativa Única realizada o día 23.07.2018.

Así mesmo a Presidencia dá conta da moción do Grupo Municipal PP, presentada o día 13.07.2018, relativa a solicitar a adopción de medidas de mellora na seguridade viaria da PO-351 que é como segue:

“Neste momento; a Xunta de Galicia a través da Axencia Galega de Infraestruturas está acometendo obras de mellora da seguridade viaria en distintas estradas da nosa comarca. No caso de Cangas, nas estradas autonómicas PO-551 e PO-315.

Desde o punto vista do PP de Cangas, e tamén por petición de distintos colectivos que nos fixeron chegar as súas queixas, entendemos que unha das actuacións mais necesaria e urxente pola situación na que se atopa, é o tramo de beirarrúas existente entre a curva do Gatañal é a baixada a Igrexa de Darbo, tramo que en algunha ocasión foi xa motivo dun proxecto por parte de dito Organismo.

Ata en catro zonas diferentes en escasos 800 mts., os viandantes teñen que invadir a plataforma asfáltica paralela a estrada que serve como aparcadoiro, pois o enlousado da beirarrúa vese interrompido bruscamente, o que entraña sen dúbida un risco por un lado de caída e por outro de que se invada a zona rodada.

Por todo iso, efectuamos as seguintes Propostas de acordo:

1º O Pleno da Corporación, insta a Axencia Galega de Infraestruturas dependente da Consellería de Infraestruturas e Vivenda da Xunta de Galicia, a que acometa a obra de mellora

Concello de Cangas

da seguridade viaria na PO-315, mais en concreto na recta de Darbo, dando continuidade a beirarrúa interrompida neses catro pequenos tramos.”

2º.- Unha vez tendo o proxecto de mellora da seguridade viaria na PO-315. O Pleno da Corporación, insta ao Goberno Municipal a que negocie a cesión dos terreos necesarios para darlle a continuidade á citada beirarrúa.”

DELIBERACIÓNS:

Sra. Cordeiro Magdaleno: explica o contido da moción presentada.

Sr. Iglesias Santos: di que si se trata dun vial da Xunta, non cre que o Concello teña que asumir a responsabilidade deste expediente, salvo que haxa financiamento por parte da administración titular que é a autonómica.

Sr. Hermelo Álvarez: afirma que apoiará a moción. Indica que esta problemática existe en casi toda a autoestrada e espera que desde a Xunta se resolva esta problemática de forma real.

Sra. Giráldez Santos: apoiará a moción, pero pide invertir a orde das propostas. Creo que o primeiro punto debería pasar a ser o segundo.

Sra. Cordeiro Magdaleno: di que non hai problema en cambiar a orde dos puntos e engadir *“unha vez tendo o proxecto”*

VOTACIÓN E ACORDO: o Concello Pleno, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda aprobar integramente a proposta transcrita anteriormente.

Expediente 3738/2018. Moción do grupo PP de 13.07.2018 para instar ao goberno municipal á presentación dun plan de actuación da EDAR.

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

Dáse conta do dictame favorable emitido pola Comisión Informativa Única realizada o día 23.07.2018.

Así mesmo a Presidencia dá conta da moción do Grupo Municipal PP, presentada o día 13.07.2018, relativa a instar ao goberno municipal á presentación dun plan de actuación da EDAR, que é como segue:

“En distintas ocasións o Grupo Municipal do PP de Cangas mediante preguntas, rogos e mesmo unha moción, denunciou e seguirá denunciando a situación na que se atopa a EDAR municipal, a cal ademais de carecer do sistema terciario que permitiría unha depuración biolóxica, desde fai tres anos está a funcionar coa metade de capacidade, pois só traballa un vaso de dixestión biolóxica.

Esta situación ao noso entender é moi grave, pois a única solución para que non entre en carga toda a rede de saneamento cando hai choivas é aliviar o mar, situación esta a que hai que achegar o estado dos distintos bombeos, provocando múltiples vertidos, non só no alivio da EDAR senón tamén en Liméns, Vilariño ou en Aldán.

Concello de Cangas

O Goberno Municipal, supostamente tan proclive a defensa do Medio Ambiente polo menos nos medios de comunicación, como máximo responsable do que está a pasar, non pode seguir vendo para outro lado nin ocultándose e xustificando esta situación no conflito coa empresa concesionaria do ciclo da auga, pois a diferenza con outras obras incluídas no plan de inversións que debería ter executado a concesionaria, as obras de mellora necesarias na EDAR non foron previstas no Orzamento Municipal como foron outras. Parece como se este problema non preocupara o Goberno Municipal.

Por todo iso, efectuamos a seguinte Proposta de acordo:

O Pleno do Concello de Cangas, insta ao Goberno Municipal, a presentar no prazo máximo de 3 meses, un Plan de Actuación, con cronograma e dotación económica, que permita que a EDAR municipal funcione de forma correcta.”

DELIBERACIÓNS:

Sr. Graña Graña: explica o obxecto da moción, indicando que xa no expediente de resolución do contrato do ciclo da auga sobra documentación que pon de manifesto o mal funcionamento da depuradora. Trátase dun problema grave nunha zona ambiental moi protexida e que se está a destrozarse, podendo chegar a tratarse de danos irresponsables. Dá lectura aos puntos de acordo.

Sr. Alcalde: manifesta estar de acordo coa moción, pero pide retirar da moción o pedimento de dotación económica, xa que non se sabe cal é a dotación.

Sr. Graña Graña: acepta eliminar o termo “dotación económica”

VOTACIÓN E ACORDO: o Concello Pleno, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda aprobar integramente a proposta presentada coas modificacións aceptadas, sendo o seu texto definitivo o seguinte:

“O Pleno do Concello de Cangas, insta ao Goberno Municipal, a presentar no prazo máximo de 3 meses, un Plan de Actuación, con cronograma, que permita que a EDAR municipal funcione de forma correcta.”

Expediente 3739/2018. Moción do grupo PP de 13.07.2018 para instar do goberno municipal a remisión da documentación elaborada respecto do PXOM.

Favorable

Tipo de votación: Ordinaria

A favor: 11, En contra: 8, Abstencións: 1, Ausentes: 0

Dáse conta do dictame favorable emitido pola Comisión Informativa Única realizada o día 23.07.2018.

Así mesmo a Presidencia dá conta da moción do Grupo Municipal PP, presentada o día 13.07.2018, relativa a instar do goberno municipal a remisión da documentación elaborada respecto do PXOM, que é como segue:

“Sen dúbida o actual Goberno Municipal de Cangas, Goberno que presume de transparencia e

Concello de Cangas

mesmo di que ten unha Concellería dedicada a ese fin, concedería que rematada por incumprir a legalidade esa consulta popular ficticia dos festivos locais non se sabe cal é o seu obxectivo (Consulta que o noso entender pretendía ocultar a sistemática fobia relixiosa dos que practican a democracia populista dos xestos que non de solucións dos problemas que os cangueses/as temos na actualidade).

Pero si existe unha Concellería que funcione a marxe da Lei e ocultando información a que este Grupo Municipal maioritario na actual Corporación ten dereito, é a Concellería de Urbanismo, Patrimonio e Facenda. Concellería experta en desviar a atención dos problemas de Cangas con titulares nos medios de comunicación para ocultar a súa nula xestión. O Sr. Abalo hai que recordarlle que foi concelleiro de Urbanismo entre o 2007 e 2011 e agora leva case catro anos mais, sen dúbida etapas negras .Despois de contratar a outra empresa para redactar o PXOM tirando pola borda mais de 600.000 €, despois de chegar a acordos clandestinos con donos de actuacións como Massó (Porqué agora non propón a súa expropiación? O PP de Cangas si é con un proxecto viable social e economicamente xa dixo que aceptaba), de enganar a todos e aos núcleos costeiros (Por certo non estaría de mais que os cidadáns estivesen ao corrente do que este Goberno considera como núcleo unha casa dun amigo), agora despois de supostamente ter un traballo dese PXOM presentado, os grupos políticos, polo menos este Grupo que é o maioritario da Corporación, non ten tres meses despois unha copia de dita documentación.

Qué oculta o transparente Mariano Abalo?O cambio da variante para favorecer a algún amigo?A delimitación de núcleos á carta?

Estamos no noso dereito de comprobar esa documentación, non vamos a admitir por mais tempo que se nos siga tomando o pelo. Esiximos ese documento. Non queremos ter que volver a conseguir a documentación do PXOM no mercado negro como pasou no ano 2008.

Por todo iso efectuamos a seguinte Proposta de acordo:

- O Pleno da Corporación insta o Goberno Municipal, a que remita a todos Grupos políticos presentes na actual Corporación Municipal, a documentación elaborada ata data de hoxe pola empresa redactora do PXOM.”

DELIBERACIÓNS:

Sr. Soliño Costas: expón o obxecto da moción presentada, sinalando que non entende porque se mantén oculto o traballo realizado ata o de agora no novo PXOM. Dá lectura á proposta de acordo.

Sr. Alcalde: dá conta da emenda do concelleiro de Urbanismo, que di:

“O equipo de goberno ten dentro dos seus obxectivos que o documento do borrador do PXOM sexa sometido a consideración e participación da Corporación municipal e dos colectivos sociais, razón pola que adopta o seguinte acordo plenario:

- Garantízase que antes de levar a Pleno o borrador definitivo do PXOM sexa previamente coñecido, contrastado e se fose factible, consensuado coas distintas opcións da Corporación, pero tamén dos colectivos sociais.”

Sinala que non se pode entregar un documento que aínda é un borrador que non foi estudado

nin sequera polo equipo de goberno.

Sr. Gestido Porto: cre que é claro o posicionamento do equipo de goberno a sete meses das próximas eleccións municipais. Non entende a xustificación que acaba de dar o Sr. Alcalde e non se cre o que dispón a emenda do Sr. Abalo.

Sr. Alcalde: indica que faltan 10 meses para as eleccións municipais.

Sr. Iglesias Santos: non cre que houbera problema para que a oposición tivese a documentación actual do PXOM e que cando o actual borrador se vaia modificando se volva a facilitar, especialmente coas facilidades tecnolóxicas que existen a día de hoxe. Para que a oposición poida participar e consensuar debe facilitarse canto antes copia da documentación actualizada.

Sr. Hermelo Álvarez: manifesta a súa intención de que non haxa ningún obscurantismo na tramitación do PXOM. Indica que se vai a traballar en serio e o documento será debatido por todos os grupos.

Sr. Soliño Costas: aclara que o primeiro párrafo da moción foi retirado por acordo da Comisión Informativa do 24.07.2018.

Sr. Abalo Costa: di que non ten ningún interese persoal ou profesional no contido do PXOM, a diferenza do Sr. Soliño Costas, que sendo profesional do sector foi concelleiro de urbanismo.

Sr. Soliño Costas: di que non acepta a emenda. Non entende o problema que pode haber en que se facilite a documentación actual do PXOM aos grupos da oposición.

Sr. Alcalde: indica que están a falar dun documento que está sen rematar.

Sr. Soliño Costas: vista a actitude do equipo de goberno dí que a posición se verá obrigada a buscar esa documentación no mercado negro.

Sr. Iglesias Santos: di que vai aprobar a proposta de acordo que figura na moción.

VOTACIÓN E ACORDO DA EMENDA:

Votos a favor: 11 (4 dos/as concelleiros/as presentes da ACE-SON, 4 do BNG, 3 da ASPUN)

Votos en contra: 8 (7 dos/as concelleiros/as presentes do PP e 1 do PsdeG-PSOE)

Abstencións: 1 de Cangas Decide

Polo tanto, o Pleno da Corporación, por maioría de votos, acorda aprobar integramente a emenda presentada, que di:

“O equipo de goberno ten dentro dos seus obxectivos que o documento do borrador do PXOM sexa sometido a consideración e participación da Corporación municipal e dos colectivos sociais, razón pola que adopta o seguinte acordo plenario:

- Garantízase que antes de levar a Pleno o borrador definitivo do PXOM sexa previamente coñecido, contrastado e se fose factible, consensuado coas distintas opcións da Corporación, pero tamén dos colectivos sociais.”

Expediente 3809/2018. Moción do grupo BNG de 16.07.2018 para solicitar a modificación da Lei de Portos de Galicia.

Favorable

Tipo de votación: Ordinaria

A favor: 8, En contra: 7, Abstencións: 5, Ausentes: 0

Dáse conta do dictame favorable emitido pola Comisión Informativa Única realizada o día 23.07.2018.

Así mesmo a Presidencia dá conta da moción do Grupo Municipal BNG do día 14.07.2018, relativa a solicitar a modificación da Lei de Portos de Galicia que é como segue:

“Galiza conta cunha gran cantidade de portos e instalacións portuarias, e ten a densidade portuaria máis alta da península ibérica, que fan que o sector portuario galego sexa un sector estratéxico cun gran potencial e que até agora, desde que en 1981 o Estatuto contemplara a competencia exclusiva no sector e deixando a un lado de maneira aberrante aos portos de interese xeral, non foi aproveitada.

A pesares destas características, o sistema portuario galego non foi regulado por unha lei específica ate que o ano pasado aprobouse a Lei 6/2017, do 12 de decembro, de portos de Galiza. Despois de terse feito agardar tantos anos, resultou decepcionante, pois non respondeu nin as expectativas nin as necesidades deste sector estratéxico, e ademais estase a demostrar prexudicial para o futuro do sector portuario galego.

Esta lei, destaca polo seu claro afán recadatorio e por terse realizado de costas ás entidades locais. Son moitos os concellos que na actualidade están a expresar o seu malestar polas abusivas tarifas que Portos de Galiza está a cobrar pola realización de actividades no espazo público portuario, que, ao cabo e na maioría dos casos é un espazo totalmente integrado no espazo urbano do concello e son as propias entidades locais as que se encargan do mantemento do espazo, da recollida do lixo, etc. Neses espazos realízanse múltiples actividades plenamente inseridas na dinámica social local, como festas, eventos deportivos ou mercados que deben pagar unhas abusivas taxas a Portos de Galiza para poder realizarse.

A meirande parte délas realízanse en espazos urbanos que, a pesares de estar baixo a xestión de Portos de Galiza, nada teñen que ver coa actividade portuaria. Así, existen espazos como alamedas ou paseos plenamente integrados no entramado urbano local, e que, principalmente debido a recheos, forman parte de Portos de Galiza sen que exista unha razón obxectiva para que así sexa, xa que logo, consideramos que a titularidade destes espazos debería ser transferida aos concellos.

De cara a paliar a nula participación dos concellos nas decisións relativas ás materias que resulten de relevancia tanto para o concello como para Portos de Galiza, propoñemos a creación do Órgano de Coordinación Portuario Municipal, onde estarán representados tanto o goberno local como Portos de Galiza. Este órgano sería o encargado de articular as relacións entre a administración portuaria e as administracións municipais cuxos municipios dispoñan de porto, mediante a toma de decisións conxunta nas materias que resulten de relevancia para ambas administracións.

Por último a citada lei contempla un abusivo réxime de prohibicións e sancionador que cremos necesario modificar, en especial no referido ao baño e a pesca, actividades que deberían

Concello de Cangas

Avenida de Castelao, 2, Cangas. 36940 (Pontevedra). Tfno. 986300050. Fax: 986304850

quedar eximidas destes citados réximes. Consideramos que a pesca deportiva debería quedar excluída da prohibición que rexe sobre o desenvolvemento de actividades marisqueiras e pesqueiras nas augas interiores do porto constitutivas da denominada "zona I".

Polo anteriormente exposto, o Grupo Municipal do BNG de Cangas solicita do Pleno da Corporación municipal a adopción do seguinte

Acordo:

O pleno do Concello insta á Xunta de Galiza a realizar as modificacións legislativas oportunas de xeito que:

1. As autorizacións para instalacións de lecer e similares propostas polas entidades locais e entidades sen ánimo de lucro, non lles será de aplicación os artigos 59, 60, 61, 62, 63 e 64 da Lei 6/2017, do 12 de decembro, de portos de Galiza, de xeito que ditas entidades queden exentas do pago das taxas pola realización de actividades no denominado dominio público portuario tanto a administracións locais como a entidades sen ánimo de lucro.

2. Se cree o Órgano de Coordinación Portuario Municipal como instrumento de participación institucional e social en materia de portos, onde estarán representados tanto o goberno local como Portos de Galiza

3. Se leve a cabo un procedemento entre Concellos e Portos de Galiza -previa solicitude do concello interesado- co obxecto de transferir a titularidade aos Concellos dos espazos de dominio público portuario que estean integrados nos cascos urbanos das vilas e cidades e que non teñan uso portuario.

3. Se modifique o réxime sancionador contemplado na Lei 6/2017, do 12 de decembro, de portos de Galiza, de cara a reducir as abusivas sancións que esta contempla, e nomeadamente suprimir do réxime sancionador as actividades de bañarse ou mergullarse nas augas interiores do porto e pescar desde os peiraos ou con calquera tipo de arte nas dársenas e augas portuarias, cando iso non estea expresamente autorizado.

4. Se exclúa á pesca deportiva da prohibición que rexe sobre o desenvolvemento de actividades marisqueiras e pesqueiras nas augas interiores do porto constitutivas da denominada "zona I."

DELIBERACIÓNS:

Sra. Giráldez Santos: explica o contido da moción. Sinala que a Lei fíxose as costas das entidades locais e cun claro afán recadatorio, cando se trata de espazos cuxo mantemento lle corresponde aos municipios. Moitos concellos están a solicitar unha modificación da Lei, para, entre outros extremos, que certos espazos sexan transferidos aos concellos, para que se exima de pagamento determinados usos dos espazos portuarios, entre outros pedimentos. Dá lectura aos puntos de acordo.

Sr. Iglesias Santos: di que hai aspectos da proposta que non acaba de entender. Está de acordo en que o concello sexa titular de todo o territorio do termo municipal, pero para iso habería que tramitar un expediente completo. Para cambiar o réxime sancionador sería necesaria unha proposta máis completa e profunda, e o mesmo para o resto dos pedimentos, sendo necesario máis tempo para estudar a moción e redactala de forma máis ordenada.

Sr. Soliño Costas: cre que este debate non procede no pleno municipal, senón no parlamento galego. Entende que a forma de defender esta materia é defendendo o porto de Cangas. Lembra que o PP presentou varios escritos e preguntas ao respecto. Votarán en contra.

Sr. Hermelo Álvarez: di que por falta de tempo para estudar a lei con calma teñen certas dúbidas. Vanse abster.

Sr. Abalo Costa: di que comparte que estamos ante un tema moi complexo, pero di que votarán a favor.

Sra. Giráldez Santos: explica que o obxecto da moción vai en consonancia co texto da lei, que en moitos aspectos é prexudicial para os concellos. Efectivamente a administración competente é a administración autonómica de aí que a moción insta á Xunta de Galicia.

VOTACIÓN E ACORDO:

Votos a favor: 8 (4 dos/as concelleiros/as presentes da ACE-SON, 4 do BNG)

Votos en contra: 7 dos/as concelleiros/as presentes do PP

Abstencións: 5 (3 da ASPUN, 1 do PsdeG-PSOE e 1 de Cangas Decide)

Polo tanto, o Pleno da Corporación, por maioría de votos, acorda aprobar integramente a proposta transcrita anteriormente.

Expediente 3741/2018. Moción do PSdG-PSOE de 17.07.2018 s/ plans de seguridade e emerxencia nas festas populares/romerías.

Favorable

Tipo de votación: Ordinaria

A favor: 13, En contra: 0, Abstencións: 7, Ausentes: 0

Dáse conta do dictame favorable emitido pola Comisión Informativa Única realizada o día 23.07.2018.

Así mesmo a Presidencia dá conta da moción do Grupo Municipal PS de G-PSOE, presentada o día 17.07.2018, relativa aos plans de seguridade e emerxencia nas festas populares/romerías, que é como segue:

“Cangas ten unha forte tradición popular vinculada ás testas populares que cada ano se celebran nas distintas parroquias. Algunhas destas festas tradicionais teñen tanta sona que atraen a milleiros de persoas, como a Romería de Darbo.

A organización destas festas é levada polos veciños das respectivas parroquias, que se organizan en comisións de festas, asociacións de veciños, etc., e que a miúdo carecen de medios económicos e loxísticos para desenvolver por si mesmos estudos de seguridade e de plans de emerxencias adaptados ás características de cada unha destas romerías en virtude do seu emprazamento xeográfico, vías de acceso, cercanía a núcleo urbán ou mesmo á Vila de Cangas.

É por isto que entendemos que o Goberno Municipal debe velar pola seguridade de todos os asistentes a estas festas populares/romerías, dotando aos seus organizadores de información,

Concello de Cangas

formación -se é o caso-, medios materiais, plan de emerxencias adaptado -polo menos básico, colaboración policial e dando a máxima información dos medios de control e seguridade ó público en xeral, e creando postos fixos de axuda na contorna da festa/romería contra excesos etílicos, actos violentos, acoso sexual contra mulleres, etc., para evitar situacións de risco.

Eses mesmos principios de organización, planificación e desenvolvemento dos plans de emerxencias e seguridade semellan válidos tamén para as Festas do Cristo.

Por todo o exposto, o grupo municipal socialista solicita ao pleno da corporación a toma dos seguintes acordos:

- Que o Goberno Municipal de Cangas contacte con todas as comisións de festas das distintas parroquias que organicen testas populares/romerías e se lles axude coa loxística propia municipal na medida das necesidades dos organizadores.

- Que o Goberno Municipal de Cangas informe -e forme- aos organizadores sobre a comenencia de dotarse dun mínimo plan de seguridade e de emerxencias axeitado ás características da festa/romería de turno.

- Que o Goberno Municipal de Cangas colabore e os organizadores dos festexos na creación de postos fixos de axuda na contorna da festa/romería contra excesos etílicos, actos violentos, acoso sexual contra mulleres, etc., para evitar situacións de risco entre os asistentes, e tamén na divulgación da existencia deses postos de axuda.”

DELIBERACIÓNS:

Sr. Iglesias Santos: explica o contido da moción.

Sr. Hermelo Álvarez: pide que se faga un engadido no último punto que sinale “na medida das posibilidades do Concello.”

Sr. Millán Blanco: di que o concello sempre colaborou coas asociacións de festas na medida das súas posibilidades. Cre que os puntos 2 e 3 deberían ser máis ambiciosos e iclurir todo tipo de actividades deportivas ou culturais que teñan gran aforo. Vanse abster.

Sra. Giráldez Santos: di que votarán a favor.

Sr. Iglesias Santos: considera que non só é cuestión de capacidade senón de querer facelo. Di que a moción non é máis ambiciosa porque se centra nos actos que organizan as asociacións e comisións de festas e polas consecuencias que moitas veces se producen entre a xuventude especialmente, que son moi graves.

Sr. Millán Blanco: di que non votarán a favor de algo que xa se está cumprindo coma é o punto primeiro e en canto aos puntos 2 e 3 cre que debería englobar todas as actuacións que requiren dun plan de emerxencias.

Sr. Iglesias Santos: pide que o PP presente unha moción nese sentido.

VOTACIÓN E ACORDO:

Votos a favor: 13 (4 dos/as concelleiros/as presentes da ACE-SON, 4 do BNG, 3 da ASPUN, 1

do PsdeG-PSOE e 1 de Cangas Decide)

Abstencións: 7 dos/as concelleiros/as presentes do PP

Polo tanto, o Pleno da Corporación, por maioría de votos, acorda aprobar integramente a proposta transcrita anteriormente.

Expediente 3743/2018. Moción do grupo ACE de 17.07.2018 s/ eliminación da simboloxía franquista da fachada da Excolexiata de Cangas.

Favorable

Tipo de votación: Ordinaria

A favor: 12, En contra: 0, Abstencións: 8, Ausentes: 0

Dáse conta do dictame favorable emitido pola Comisión Informativa Única realizada o día 23.07.2018.

Así mesmo a Presidencia dá conta da moción do Grupo Municipal ACE, presentada o día 17.07.2018, relativa a que é como segue:

“A día de hoxe, en Cangas continuamos a ter simboloxía franquista no casco vello da vila; unha fachada ben grande que homenaxea a Primo de Rivera, o mesmo que xunto a Ledesma Ramos fundou a Falange Española de las JONS, o partido único da España franquista que defendía a ideoloxía fascista, ultranacionalista, militarista e católica entre outras.

Dende aquí temos que mirar cara Alemaña ou cara Italia, onde se erradicou, como non podía ser doutra maneira, toda a presenza simbólica referida a Hitler ou a Mussolini. Onde os saídos fascistas son delito mentres aquí, non só se fan senón que se acompañan do Cara al Sol diante dun ex-ministro do PP da suposta democracia. Tamén temos a toreros que, despois de asasinar ao animal sacan a bandeira franquista á praza en pleno século XXI, con total impunidad, porque exaltar o réxime franquista aquí non é delito.

Lamentablemente, o avance de Alemaña ou Italia non se deu no Estado Español, na medida en que non houbo ruptura democrática, senón unha mera transición sen reforma algunha do estado franquista.

Mais non estamos dispostos/as a aturar a insoportable simboloxía franquista na Excolexiata de Cangas; por dignidade, temos que actuar, e de paso que a Igrexa Católica demostré se a súa complicidade co fascismo español continúa vixente.

En función do exposto, consideramos que precísase tomar, se procede, os seguintes acordos polo pleno municipal da corporación de Cangas:

- Dar un prazo improrrogable a Igrexa Católica de 30 días naturais para que proceda á retirada de simboloxía franquista que segue viva na Excolexiata de Cangas.

- Advertir e acordar que se neses 30 días naturais non se procede á retirada, o Concello de Cangas tomará as accións oportunas e procederá á retirada de toda simboloxía franquista da fachada Excolexiata de Cangas dentro dese mesmo prazo.”

DELIBERACIÓNS:

Concello de Cangas

Avenida de Castelao, 2, Cangas. 36940 (Pontevedra). Tfno. 986300050. Fax: 986304850

Sr. Abalo Costa: expón o contido da moción.

Sr. Iglesias Santos: di que apoiará a moción na súa primeira parte, respecto á execución subsidiaria polo concello debe terse en conta que se trata dun edificio privado polo que habería que actuar con todas as garantías segudo a Lei de Memoria histórica.

Sr. Millán Blanco: lembra que no seu día xa se aprobara unha moción para a retirada de toda a simboloxía franquista que o PP votou a favor. Desde os medios de comunicación se publicou que xa se solicitou ao arcebispado a retirada desta simboloxía, pero dubida se o concello pode executar esa retirada. Non entende que se volva a traer a pleno algo que xa foi acordado no seu día. O goberno ten a competencia para xestionar esta retirada sen traela a pleno.

Sr. Alcalde: explica que nesta moción se fixan datas e prazos. O Sr. Alcalde e o concelleiro Sr. Mera Herbello reuníronse no arcebispado para pedir a retirada desta simboloxía e negáronse, en base a que din que é unha propiedade privada nun espazo privado. O concello, previa comunicación a Patrimonio, procederá á retiradas en cumprimento da Lei de Memoria Histórica.

Sr. Hermelo Álvarez: di que apoiarán a moción. Non hai máis remedio que o concello tome medidas e actúe.

Sr. Iglesias Santos: pide que tamén se proceda á demontaxe da casa da rúa Real e na rúa San Francisco que están a punto de caer.

Sr. Chillón Iglesias: di que respaldarán a moción.

Sr. Abalo Costa: di que o que se busca é o cumprimento da legalidade.

VOTACIÓN E ACORDO:

Votos a favor: 12 (4 dos/as concelleiros/as presentes da ACE-SON, 4 do BNG, 3 da ASPUN, 1 do PsdeG-PSOE)

Abstencións: 8 (7dos/as concelleiros/as presentes do PPe 1 de Cangas Decide)

Polo tanto, o Pleno da Corporación, por maioría de votos, acorda aprobar integramente a proposta transcrita anteriormente.

Urxencias:

O Sr. Alcalde indica que se presentaron dúas mocións de urxencia, unha polo grupo PP referida á tarxeta Pass Vigo, e outra do BNG, presentada inicialmente como engádega ao punto 10 da orde do día.

Explica que de conformidade co indicado pola Sra. Secretaria, o artigo 43.5 do Regulamento Orgánico Municipal sinala o seguinte: *“Cada grupo político municipal ou concelleiro/a non adscrito/a, para o seu tratamento nun mesmo Pleno ordinario, poderá presentar mocións (ordinarias e/ou urxentes) de conformidade coa seguinte proporcionalidade:*

Grupos políticos con ata 2 membros: 1 moción

Concello de Cangas

Grupos políticos con 3 a 6 membros: 2 mocións
Grupos políticos con 7 membros ou máis: 3 mocións
Concelleiros/as non adscritos/as: 1 moción”

En consecuencia, tanto o PP coma o BNG xa cubriron o número máximo de mocións a presentar, polo que non procedería a presentación por urxencia de máis mocións.

DELIBERACIÓNS:

Sr. Sotelo Villar: di que a Sra. Secretaria non lle preocupou a legalidade cando se tratou durante esta sesión unha moción sen ditaminar, ou cando que non se respostan aos escritos que presenta o grupo PP de conformidade coa Lei, polo que se eles teñen que cumprir co que di a Lei ella tamén vai a ter que cumprir a legalidade a partir de agora. Di que no vindeiro Pleno presentarán só dúas mocións e a terceira por urxencia para que o Sr. Alcalde a teña que tratar por esa vía, que é o que el non quere.

Sra. Giráldez Santos: resposta que todos os asuntos que figuran na orde do día están ditaminados, na Comisión Informativa sí se tratou a moción do punto 7º da orde do día como urxencia, pero tal moción foi ditaminada e así se incluiu no Pleno.

B) ACTIVIDADE DE CONTROL

Dación de conta das resolucións da Alcaldía ditadas entre o 20 de xuño e o 22 de xullo de 2018

O Concello Pleno queda informado do presente asunto.

Dación de conta dos informes de reparo de intervención segundo a base de execución núm. 38 do orzamento municipal.

O Concello Pleno queda informado do presente asunto.

C) ROLDA DE INTERVENCIÓNS LIBRES

Sr. Sotelo Villar: pregunta se hai algunha proposta de ordenación da UA n.º 27.

Sr. Abalo Costa: di que se presentará co Plan Xeral.

Sr. Sotelo Villar: pregunta se non hai ningunha proposta xa presentada.

Sr. Abalo Costa: di que non.

Sr. Sotelo Villar: resposta que son uns trileros, porque se presentaron dúas propostas e eles o

están a negar.

Sr. Alcalde: quiere facer constar que el non tiña constancia de ningún proxecto desa unidade de actuación.

Dedide levantar a sesión ante o tono ofensivo que está a utilizar o Sr. Sotelo durante a última parte da sesión plenaria.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE